

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 26 de decembro de 2023 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de novembro de 2023.
- \* Aprobación do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2024.
- \* Aprobación do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2024.
- \* Aprobación da política OTM-R da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2024/25.
- \* Aprobación da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2024/25.
- \* Aprobación do límite de prazas de titulacións de grao para o curso 2024/25.
- \* Aprobación do límite de prazas de titulacións de máster para o curso 2024/25.
- \* Aprobación da tramitación da modificación do título de Máster Universitario en Biofabricación.
- \* Aprobación da tramitación das modificacións non substanciais das titulacións de grao, máster e programas de doutoramento para a súa adaptación ao RD 822/2021.
- \* Aprobación da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2024/2025.
- \* Aprobación do modelo de convenio interinstitucional para o recoñecemento mutuo de créditos entre a Universidade de Vigo e universidades socias para a obtención dunha dobre titulación internacional en grao ou mestrado (versións GL/EN e ES/EN).

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.